

12 21
AGOSTO
2 0 2 5

XII FESTIVAL BAL y GAY

MÚSICA Á BEIRA DO MAR
A MARIÑA LUGO





Presentación

O verán xa non se concibe na Mariña sen unha boa música clásica de calidade. Conseguimos configurar un festival referente, un festival exemplo de cohesión e involucración, un festival que se converte cada ano en unha reunión de amigos ó redor da música, un motor de transformación social e cultural, que inspira, conecta e deixa unha pegada en cada persoa que o vive.

A excelencia é o peso que aguanta de cada programación e a diversidade a motivación de seguir crescendo. Este ano contamos con artistas de renome internacional como o pianista Denis Kozhukhin, Sara Blach, Cuarteto Casals ou o grupo especialista Los Elementos baixo a dirección de Alberto Miguelez Rouco, así como orquestras sinfónicas como a Orquesta do Principado de Asturias ou a Real Filharmonía de Galicia. Ademais grupos referentes a nivel nacional como o Cuarteto Quiroga, cantantes habituais das nosas principais salas de concertos como Nuria Rial ou Borja Quiza ou talentosos pianistas como Marco Mezquida nos acompañaran nesta edición tan especial.

A Fundación continúa a desenvolver os seus proxectos educativos e sociais, entre os que destaca o exitoso Mariñaencanto, proxecto consiste na formación e promoción dun coro infanto-xuvenil na comarca da Mariña, a través da participación dos alumnos de primaria e secundaria de diversos centros educativos, que remata unha xornada de participación e convivencia na que se pon o punto e final cun concerto conxunto baixo unha única dirección.

Algunhas das principais vantaxes de cantar nun coro son a mellora da concentración e da autoestima, favorecer o aprendizaxe da linguaxe e das matemáticas, o desenrolo da intelixencia, a sensibilidade e a creatividade ou o fomento das relacións sociais.

Outro proxecto salientable é A Operiña, unha iniciativa dirixida ao alumnado de Educación Primaria de varios centros escolares. Nesta edición, os estudantes puxeron en pé unha adaptación das Vodas de Fígaro de Mozart, asumindo eles mesmos a interpretación dos coros, acompañados por unha orquestra e cantantes profesionais.

Cómpre destacar tamén o ciclo de audicións de música clásica que se desenvolve ao longo de todo o inverno no concello de Foz, mantendo viva a programación musical durante todo o ano.



A CARROZA DO REAL (Concierto extraordinario) Espectáculo familiar

Inspirada na mítica “Barraca” de Lorca, *A Carroza do Real* é unha iniciativa do Teatro Real que acerca a ópera e a música en vivo a lugares de toda España, convertendo rúas e prazas en escenarios máxicos. Este proxecto nace co propósito de facer a cultura accesible para todos, viaxando pola xeografía española con espectáculos de gran calidade pensados para públicos de todas as idades.

Trátase dun teatro ambulante único, montado sobre un tráiler especialmente transformado, que reproduce a embocadura do escenario do propio Teatro Real. Desde a súa presentación en 2021, visitou máis de 20 localidades —entre elas Ceuta, Valladolid, Málaga, Sevilla ou Alcalá de Henares— e percorreu miles de quilómetros levando recitais, concertos e espectáculos familiares a lugares emblemáticos de cada cidade.

A Carroza do Real ofrece unha programación variada: desde recitais líricos con arias e dúos de ópera e zarzuela, ata propostas familiares como *Mozart Revolution*, que combina música e narración para acercar a ópera aos máis mozos de forma divertida e educativa. O proxecto foi recoñecido con premios como o FITUR 2021 e o Premio Europeo Art Explora 2022, e contou cunha gran acollida por parte do público, os medios e as institucións locais.

Máis que un escenario sobre rodas, *A Carroza do Real* é unha ventá aberta á emoción, a arte e a cultura, alá onde estea o público.

PROGRAMA

Concierto familiar con narración e con música do máis xenial compositor da historia. Arias, dúos e oberturas para deleitarnos, interpretadas por mozos músicos e cantantes que nos sorprenderán. Unha nova e fresca lectura dos personaxes femininos nas óperas de Mozart.

31 de xullo | 20:00 h. | Praza Conde de Fontao (Foz)



DENIS KOZHUKHIN, piano

Recoñecido pola súa técnica prodixiosa, fondura expresiva e madurez interpretativa, **Denis Kozhukhin** consolidouse como un dos pianistas máis destacados da súa xeración. A súa carreira internacional levouno a actuar con algunhas das orquestras máis prestixiosas do mundo, como a Orquestra Sinfónica de Londres, a Royal Concertgebouw Orchestra, a Staatskapelle de Berlín, a Orquestra Sinfónica NHK, a Orquestra Sinfónica Nacional de Washington ou a Orquestra Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña, entre moitas outras.

Kozhukhin colaborou con destacados directores como Rafael Payare, Alain Altinoglu, Cristian Măcelaru, Hannu Lintu ou Santtu-Matias Rouvali, ofrecendo interpretacións fondamente persoais que captaron tanto a crítica como o público.

A súa actividade artística abrangue tamén unha intensa axenda de recitais e concertos de música de cámara, actuando en salas emblemáticas como o Carnegie Hall de Nova York, o Concertgebouw de Ámsterdam, a Elbphilharmonie de Hamburgo, o Musikverein e o Konzerthaus de Viena, o Boulez Saal de Berlín, o Wigmore Hall de Londres ou a Philharmonie de París, entre outras.

No ámbito dos festivais, é convidado habitual en citas tan prestixiosas como Verbier, Gstaad, Grafenegg, Dresden e Tsinandali. Na última tempada, regresou aos BBC Proms e debutou no Hollywood Bowl de Los Ángeles, reafirmando a súa posición como un artista versátil e fondamente comprometido coa súa arte.

PROGRAMA

Variacións “Enigma”, Op. 36 (versión piano solo)

Fantasia en do menor K.475

Fantasia-Improptu en do sostenido menor, Op. 66

Polonesa-Fantasia en la bemol maior, Op. 61

Islamey: Fantasia Oriental, Op. 18

Edward Elgar

Wolfgang Amadeus Mozart

Frédéric Chopin

Frédéric Chopin

Mily Balakirev

12 de agosto | 20:30 h. | Castelo de Castro de Ouro (Alfoz)



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA E CORO DA COMUNIDADE DE MADRID

Diego Martín-Etxebarria, director

Javier Fajardo, director coro

A **Real Filharmonía de Galicia** nace en 1996 como un ambicioso proxecto cultural con sede no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela. Integrada por medio cento de músicos e cun equipo técnico e administrativo comprometido, a orquestra consolidouse como unha das formacións máis relevantes do panorama musical galego e estatal. Entre os seus obxectivos destaca o apoio á creación contemporánea, a implicación social e a formación das novas xeracións a través da Escola de Altos Estudos Musicais.

Desde xaneiro de 2023, Baldur Brönnimann é o seu director titular e artístico, tomando o relevo de nomes tan prestixiosos como Helmuth Rilling, Antoni Ros Marbà e Paul Daniel.

Nesta ocasión, a orquestra estará dirixida por **Diego Martín-Etxebarria**, un dos directores máis destacados da súa xeración. Cunha sólida traxectoria internacional en ópera e repertorio sinfónico, Martín-Etxebarria colabora con importantes teatros e orquestras europeas e asiáticas, compaxinando a súa actividade escénica cun forte compromiso coa música contemporánea e coa formación de novos talentos.

Desde a súa creación en 1984, o **Coro da Comunidade de Madrid** consolidouse como unha das agrupacións corais máis prestixiosas e versátiles de España. O seu repertorio abrangue desde a polifonía renacentista ata a música contemporánea, con estreas absolutas de obras de compositores como Antón García Abril, Cristóbal Halffter ou Luis de Pablo.

Actuou en destacados escenarios nacionais e internacionais —Alemaña, Francia, Xapón, México, entre outros— e colaborou con orquestras como a Nacional de España, a Sinfónica de Galicia ou a Mahler Chamber Orchestra. No ámbito escénico, participa regularmente no Teatro Real, nos Teatros do Canal e no Teatro Auditorio de San Lorenzo de El Escorial. Desde 2022, o seu director artístico é Josep Vila i Casañas.

PROGRAMA

Obra a determinar

Misa de Réquiem en re menor, K.626

Wolfgang Amadeus Mozart

13 de agosto | 21:00 h. | Catedral de Mondoñedo



ORQUESTRA SINFÓNICA DO PRINCIPADO DE ASTURIAS E CUARTETO QUIROGA

Fundada en 1991 baixo o auspicio do Goberno do Principado de Asturias, a **OSPA** nace co obxectivo de enriquecer a vida musical e cultural da rexión. A súa Maxestade o Rei Felipe VI ostenta a Presidencia de Honor.

Herdeira da antiga Orquestra Sinfónica Provincial, a OSPA consolidouse como un referente artístico tanto dentro como fóra do Principado, destacando pola súa versatilidade, calidade interpretativa e compromiso coa excelencia. Nesta tempada celebra o seu trixésimocuarto aniversario, reafirmando o seu papel esencial na vida musical asturiana. O seu director artístico e titular é Nulo Coehlo.

Eloxiado por *The New York Times* polas súas “exquisitas e frescas interpretacións”, o **Cuarteto Quiroga** é un dos conxuntos de corda máis singulares e prestixiosos da súa xeración. Gañador do Premio Nacional de Música 2018 e de certames internacionais como os concursos de Bordeaux, Paolo Borciani ou Xenebra, en 2013 foi nomeado primeiro conxunto residente no Palacio Real de Madrid, onde interpreta os históricos Stradivarius da colección palatina.

Actualmente é conxunto residente no Museo Cerralbo de Madrid e actúa en salas de referencia mundial como a Pierre Boulez Saal de Berlín, o Wigmore Hall de Londres, o Lincoln Center de Nova York ou o Concertgebouw de Ámsterdam.

Colabora habitualmente con artistas como Martha Argerich, Veronika Hagen ou Javier Perianes, e mantén un firme compromiso coa música contemporánea, estreando e gravando obras de compositores actuais. Fundado en 2003, toma o seu nome do violinista galego Manuel Quiroga.

PROGRAMA

Sinfonía No. 1 en mi bemol maior, K.16

Wolfgang Amadeus Mozart

Sinfonía No. 49 en fa menor, Hob.I:49 “La Pasión”

Franz Joseph Haydn

Sinfonía No. 8 en fa maior, Op. 93

Ludwig van Beethoven

15 de agosto | Dúas sesións: 12:30h. e 20:30h.
Auditorio Hernán Naval (Ribadeo)



LOS ELEMENTOS

Alberto Miguélez Rouco, director

Nado en A Coruña, **Alberto Miguélez Rouco** formouse como pianista e cantante, obtendo o Premio Extraordinario no seu Grao Profesional en 2012. Estudou canto na Musik Akademie de Basilea, Suíza, coa mezzosoprano Rosa Domínguez, e completou a súa formación con másteres en interpretación e pedagogía do canto. Interpretou papeis importantes en óperas de Telemann, Haendel e Monteverdi, e traballou como solista en oratorios de Bach, Haendel, Caldara e outros. Coñecido pola súa versatilidade, colaborou con orquestras de renome como Les Arts Florissants e a Orquestra Sinfónica de Galicia. Foi gañador do X Jardin des Voix e realizará unha xira mundial con Les Arts Florissants. Recentemente, formou parte da Academia Musical de Philippe Jaroussky e participou no ciclo Notas do Ambigú no Teatro da Zarzuela. Entre os seus próximos compromisos atópase a interpretación de Ottone en *L'incoronazione di Poppea* na Ópera de Köln.

Fundado en 2018 por Alberto Miguélez Rouco, o **Ensemble LOS ELEMENTOS** está dedicado á interpretación con instrumentos de época do patrimonio musical español, especialmente do século XVIII. O seu primeiro proxecto foi a zarzuela *Vendado es Amor, no es ciego* de José de Nebra, gravada en 2019 e presentada con grande éxito en festivais como o de A Coruña. En 2021, lanzaron o seu segundo disco, *Cantadas*, e en 2022 gravaron a zarzuela *Donde hay violencia, no hay culpa*. O conxunto participou en ciclos como Universo Barroco en Madrid e ten compromisos no Stockholm Early Music Festival de 2023.

PROGRAMA

Sonata en fá maior HWV 401, Op. 5 No. 6

Sinfonía de cámara, Op. 2 No. 2

Ciaccona en si bemol maior, Op. 2 No. 12

Sonata en la maior, Op. 5 No. 1

Sonata en re menor Op. 1 No. 12 “La Follia”

Georg Friedrich Händel

Nicola Porpora

Antonio Caldara

Francesco Geminiani

Antonio Vivaldi

16 de agosto | 12:30 h. | Basílica de San Martiño (Foz)



© Mercè Rial



LOS ELEMENTOS

Alberto Miguélez Rouco, director

Nuria Rial, soprano

A soprano **Nuria Rial**, orixinaria de Cataluña, é recoñecida pola súa destacada carreira no repertorio barroco. Traballou con directores de renome como René Jacobs, Sir John Eliot Gardiner e Gustav Leonhardt, e colaborou con conjuntos como Concerto Köln, Les Musiciens du Louvre e Il Giardino Armonico. Rial interpretou importantes papeis operísticos, destacando en *Eliogabalo* de Cavalli, *L'Orfeo* de Monteverdi e *Die Zauberflöte* de Mozart. Gravou para selos como Harmonia Mundi e Sony Classical, con discos galardoados, incluíndo *Le Nozze di Figaro* e *Via Crucis*. Ademais, a súa discografía inclúe éxitos como *Haydn – Arie per un'amante* e *Telemann* coa Basel Chamber Orchestra, que lle valeron premios Echo Klassik. Ademais do seu traballo en música barroca, Rial tamén se interesa por outros xéneros e a música de cámara, con colaboracións con grupos como *il pomo d'oro* e *Café Zimmermann*.

Nesta ocasión xunto o **Ensemble LOS ELEMENTOS**, dirixido por Alberto Miguélez Rouco quen se dedica á interpretación con instrumentos de época do patrimonio musical español, especialmente do século XVIII.

PROGRAMA

Quando gli uccelli porteranno i zoccoli (de Curtio precipitato et altri capricci, Op. 13)	Tarquinio Merula
Sonata nº 10 (de Sonate concertate in stil moderno)	Dario Castello
Udite amanti	Barbara Strozzi
Canzona a 3 (de Musiche sacre)	Francesco Cavalli
Torna, deh torna	Giulio Caccini
Zefiro torna	Claudio Monteverdi
Trio Sonata in La maggiore op.5 nº1 HWV 396	Georg Friedrich Händel
Dietro l'orme fugaci (de Armida abbandonata HWV 105)	Georg Friedrich Händel

16 de agosto | 21:00 h. | Igrexa - Mosteiro S. Salvador (Lourenzá)

SARA BLANCH, soprano

Julius Drake, piano

Nacida en Darmós (Tarragona), **Sara Blanch** estudou no Conservatorio do Liceo de Barcelona e recibe asesoramento da soprano Mariella Devia. Foi premiada en concursos como Montserrat Caballé, Mirabent i Magrans e Tenor Viñas 2016. A súa carreira comezou cunha exitosa interpretación de *Lisistrata* de Albert Carbonell en Barcelona, seguida doutros papeis como *Little Sweep* de Britten, *Rita* de Donizetti e *Orfeo ed Euridice*. En 2013 debutou no Festival Rossini de Pesaro e asumiu o papel da Raíña da Noite en *A flauta máxica*. Formou parte de importantes festivais e debutou en teatros prestixiosos como o Teatro alla Scala de Milán, o Gran Teatre do Liceo de Barcelona e o Teatro Real de Madrid. Esta tempada destaca en *Il turco in Italia* en Lyon e Verona, *Le Comte Ory* en París e *Ariadne auf Naxos* na Wiener Staatsoper. Traballou con directores como M^o Gatti e interpretou en varios concertos e recitais por Europa e América.

Julius Drake é un pianista británico de renome internacional, especializado na música vogal. Colabora con artistas de primeiro nivel e a organiza ciclos de cancións en prestixiosas salas como Wigmore Hall en Londres e o Concertgebouw en Ámsterdam. Profesor de Piano na Guildhall School of Music, esta tempada realiza recitais na Scala, no Teatro da Zarzuela e en varios festivais internacionais.

PROGRAMA

Gustav Mahler

Rheinlegendchen (Des Knaben Wunderhorn)
Wer hat dies Liedlein erdacht? (Des Knaben Wunderhorn)
Das himmlische Leben (Des Knaben Wunderhorn)

Franz Schubert

Auf dem See (D.543b)
Nachtviolen (D.752)
Der Tod und das Mädchen
Gretchen am Spinnrade
Ungarische Melodie D 817 (piano solo)
Heidenröslein (D.257)
Rastlose Liebe (D.138; Op. 5/1)
Erlkönig (D.328; Op. 1)

Hugo Wolf

Nimmersatte Liebe "So ist die Liebe!" (Mörrike-Lieder, V.1, n^o9)
"Lebe wohl...Du fühlst nicht" (Mörrike-Lieder, V.3, n^o36)
Er ist's! "Frühling lässt sein blaues Band" (Mörrike-Lieder, V. 1, n^o6)

Richard Strauss

Gedichte aus Letzte Blätter (Op. 10, n^o1, Zueignung)
Cécilie (Vier lieder, Op. 27)
Du bist mein Auge (6 Lieder, Op. 37 n^o4)
Ich wollt ein Sträusslein binden (Brentano Lieder, Op. 68, n^o2)
Als mir Dein Lied erklang (Brentano Lieder, Op. 68, n^o4)
Morgen! (Vier lieder, Op. 27)

17 de agosto | 20:30 h. | Auditorio Pascual Veiga (Mondoñedo)



MARCO MEZQUIDA, piano

Marco Mezquida (Menorca, 1987) está considerado como un dos pianistas máis brillantes e versátiles da escena musical actual. A súa personalidade creativa, capaz de fusionar con naturalidade o jazz, a música clásica, o flamenco, a improvisación libre e a música popular, valeulle o recoñecemento unánime da crítica, do público e da profesión como unha figura imprescindible do panorama musical peninsular.

Dende que se licenciou na ESMUC en 2009, Mezquida actuou en 40 países e en escenarios de prestixio como o Palau de la Música Catalana, Elbphilharmonie de Hamburgo, Konzerthaus de Viena, Blue Note de Nova York ou o SFJazz de San Francisco. Compartiu escenario con figuras como Silvia Pérez Cruz, Salvador Sobral, Michel Camilo ou Lee Konitz, e participou en máis de 90 gravacións, 29 delas como líder.

Entre os seus proxectos destacan os seus tríos («Tornado», «Talismán», «Ravel's Dreams»), os dúos con Chicuelo, Silvia Pérez Cruz ou Lina_, e propostas interdisciplinares como *Bach & Forward* ou *Cita a cegas* coa bailarina Sol Picó. En 2023 estreou o seu primeiro concerto para piano e orquestra, *Talaiot*, e en 2024 *Patumada*, inspirado na festa da Patum de Berga.

Galardoado con máis de 20 premios —entre eles, varios Premios Alicia, Enderrock, o Premio Cidade de Barcelona ou o BMW Welt Jazz Award—, Mezquida segue a explorar novas linguaxes musicais coa mesma paixón que o converteu nun dos artistas máis singulares e celebrados da súa xeración.

PROGRAMA

Schubertiada de Marco Mezquida

Sanctus de la Missa Alemana
Der Jüngling an der Quelle
Auf dem Wasser zu singen D. 774
Sinfonía Inacabada (fragmento)

Impromptus 2-3-4 op. 90
Im Frühling D. 882
Gretchen an Spinrade D. 118
Die Forelle

18 de agosto | 20:30h. | Pazo de Fontao (Santa Cilla - Foz)



LETICIA MORENO, violín

Uxía Martínez Botana, contrabaixo

Juan Quentin, piano

Claudio Constantini, bandoneón

Recoñecida como unha das violinistas máis emocionantes e versátiles da súa xeración, Leticia Moreno cautiva tanto ao público como á crítica co seu carisma natural, virtuosismo e profundidade interpretativa. Colaborou con directores de prestixio como Zubin Mehta, Esa-Pekka Salonen, Pavo Järvi, Vladimir Ashkenazy, Christoph Eschenbach ou Krzysztof Penderecki, e actuou con orquestras como a Wiener Symphoniker, a Philharmonia Orchestra, a Mahler Chamber Orchestra, a Orquestra do Mariinsky, a Orchestre Philharmonique de Monte Carlo ou a Orquestra Nacional de Washington. En España, é convidada habitual das principais orquestras sinfónicas.

Leticia tamén é unha firme defensora da música contemporánea. Recentemente estreou mundialmente o concerto para violín *Aurora* de Jimmy López coa Houston Symphony, recibindo unha grande acollida. Nas últimas tempadas debutou coa NHK Symphony Orchestra de Toquio, coa Helsinki Philharmonic, a Mozarteum Orchestra e a Deutsche Radio Philharmonie, e actuou en festivais como o Rostropovich ou a Primavera de Praga.

No ámbito da música de cámara compartiu escenario con artistas como Sol Gabetta, Kirill Gerstein, Mario Brunello ou Maxim Rysanov. A súa discografía inclúe tres álbums con Deutsche Grammophon: *Piazzolla* (gravado en Abbey Road coa London Philharmonic e Andrés Orozco-Estrada), *Spanish Landscapes*, e o *Concerto nº 1* de Shostakovich coa Filharmónica de San Petersburgo. Formada con Zakhar Bron, Maxim Vengerov e Mstislav Rostropovich, Leticia foi premiada en concursos internacionais como o Szyryng, Sarasate ou Kreisler. Nacida en España e de orixe peruana, mantén unha relación estreita con América Latina, especialmente con Perú, onde actúa con regularidade. Toca un violín Nicola Gagliano de 1762.

PROGRAMA

Sonata No. 4 BWV 1017 (bandoneón e violín)	Johann Sebastian Bach
Bachianas Brasileiras No. 5	Heitor Villa-Lobos
Sonata Chiquitana No. 4 (arquivos da Misión de Chiquitos)	Anónimo
Chacona	Johann Sebastian Bach
As Catro Estacións Porteñas	Astor Piazzolla

19 de agosto | 20:30 h. | Museo e Fábrica de Sargadelos (Cervo)



© Pablo Studio

CUARTETO CASALS

Vera Martínez-Mehner, violín

Abel Tomás, violín

Cristina Cordero, viola

Arnau Tomàs, violonchelo

Fundado en 1997 na Escola Superior de Música Reina Sofía, o Cuarteto Casals consolidouse como un dos principais referentes da música de cámara a nivel internacional. Con máis de 25 anos de traxectoria, actuou nalgunhas das salas máis prestixiosas do mundo, como o Carnegie Hall de Nova York, o Musikverein de Viena, a Philharmonie de Berlín ou o Concertgebouw de Ámsterdã. Ao longo da súa carreira, o cuarteto desenvolveu unha destacada discografía, maioritariamente co selo Harmonia Mundi, na que sobresaen interpretacións como a de *A arte da fuga* de Bach, considerada un fito na súa evolución artística. O prestixioso premio Borletti-Buitoni permitiulles afondar no repertorio barroco empregando unha colección excepcional de arcos históricos. Paralelamente, contribuíron activamente á creación contemporánea, estreando obras de compositores como György Kurtág ou Francisco Coll.

Recoñecido co Premio Nacional de Música, o Cuarteto Casals foi un destacado embaixador da música española en escenarios de todo o mundo. A súa labor pedagóxica tamén foi amplamente recoñecida, ofrecendo clases maxistras e participando activamente en programas de difusión cultural.

Coa recente incorporación da violista Cristina Cordero, o cuarteto inicia unha nova etapa mantendo o seu característico rigor interpretativo, a súa sensibilidade artística e o seu compromiso coa excelencia. Nesta fase renovada, o Cuarteto Casals continúa a ser un aliciente fundamental na vida musical europea, combinando tradición e innovación en cada unha das súas interpretacións.

PROGRAMA

Cuarteto de corda en re maior, Hob.III:79

Joseph Haydn

Cuarteto de corda “Terra acesa”

Elisenda Fábregas

Cuarteto de corda No. 13 en si bemol maior, Op. 130

(coa “Gran Fuga” Op. 133)

Ludwig van Beethoven

20 de agosto | 20:30 h. | Auditorio Casa da Cultura (Burela)



BORJA QUIZA, barítono

Andrea Rey, mezzosoprano

Javier Carmena, piano

Borja Quiza, barítono nado en Ortigueira (A Coruña) en 1982, é un dos cantantes líricos máis destacados da súa xeración. Estudou canto con Teresa Novoa, M^a Dolores Travesedo e Renata Scotto, e perfeccionou a súa técnica co tenor arxentino Daniel Muñoz. Recibiu importantes premios, como o Opera Actual ao mellor cantante lírico mozo (2009) e o premio ao mellor cantante de Zarzuela nos premios Teatro Campoamor (2010). En 2009, tamén debutou na película *Io, Don Giovanni* de Carlos Saura, interpretando o papel principal. Actualmente, é profesor titular de canto no Centro Superior de Música de Galicia.

Quiza actuou nos principais teatros de España, como o Teatro Real, o Liceu e o Palau de les Arts, así como en prestixiosos escenarios internacionais, entre eles La Fenice de Venecia e a New Israeli Opera de Tel Aviv. Traballou con recoñecidos directores de orquestra como Jurovsky, López Cobos e Nagano, e con prestixiosos directores de escena como Martone e Michieletto. A súa carreira abrangue un vasto repertorio e consolidouse como unha das figuras emerxentes máis importantes da lírica internacional.

Neste recital, Borja Quiza estará acompañado pola mezzosoprano **Andrea Rey**, nada en Cambados, e polo pianista **Javier Carmena**, recoñecido músico e compositor. Carmena quen traballou con importantes cantantes como Ainhoa Arteta e Nancy Fabiola Herrera, destacándose pola súa capacidade para acompañar grandes voces. Ambos membros do Coro da Comunidade de Madrid.

PROGRAMA

Os teus ollos	Xosé Castro "Chané"
Cántiga	Xosé Castro "Chané"
Galleguita	Horacio Pettorossi (Arr. F. Briones)
Vidalita	Andrés Gaos
Quiéreme mucho	Gonzalo Roig (Arr. F. Briones)
Ah, per sempre io ti perdei (de I Puritani di Scozia)	Vincenzo Bellini
Près des ramparts de Séville (de Carmen)	Georges Bizet
Votre toast, je peux vous le rendre (de Carmen)	Georges Bizet
La ci darem la mano (de Don Giovanni)	Wolfgang Amadeus Mozart
Junto al puente de la peña (de La Canción del Olvido)	José Serrano
Cuando está tan hondo (de El Barquillero)	Ruperto Chapí
Una mujer que quiere ver a un barbero (de El Barberillo de Lavapiés)	Francisco Asenjo Barbieri
Ya mis horas felices (de La del Soto del Parral)	Reveriano Soutullo y Juan Vert
Por qué de mis ojos los tuyos retiras (de La Revoltosa)	Ruperto Chapí

21 de agosto | 20:30 h. | Teatro Pastor Díaz (Viveiro)

FUNDACIÓN
XESÚS
BAL Y GAY



Amigos da Fundación Xesús Bal y Gay

Alex Vargas
Álvaro Cuervo García
Antonio Eijo López
Antonio Fernández Fernández
Antonio Ferreiro Chao
Antonio Ramil Otero
Antonio Sixto Rodríguez
Aurora Lombardero Fernández
Beatriz Martínez Gayoso
Carlos Campoy Vázquez
Carlos Romero
Carmen García de Andrés
Clara Sánchez González
Consuelo Mesa Casado
Elena Beltrán Pedreira
Enrique Álvarez Tolcheff
Fátima Casariego Ricoy
Fátima Saa Quintás
Fe Rodríguez Rocha
Federico Fisac Seco
Flor Campa
Genara Amarelo Salgado
Genoveva Ponce Buenestado
Gerardo López Gámez
Gloria Serrano Sotelo
Iria Barro Campos
Isabel Castiñeira Franco
Jesús Roberto Linares Sevillano
José de Cora Paradela
José Antonio Rodríguez Esteban
José Eliseo Rodríguez Sixto
José Luis Ruiz Martín
José Manuel González-Páramo
José María Calvo-Sotelo Ibáñez-Martín
José María García Rivera
José Martín Arranz Álvarez
Jose Ramón Montoya Sereno
Josep Lluís Noriega Rodríguez
Juan Carlos Lastra Monteavaro
Juan David Caseiras Arroyo
Julieta Rodríguez Yagüe
Julio Ferreiro Vila
Julio Moure López

Luisa Postigo Sastre
M^a Asunción Rodríguez Baixeras
M^a Carmen Gómez Montero
M^a del Carmen Fernández Moreda
M^a del Mar Corbelle Valiño
M^a del Mar Segundo Fanego
M^a Luisa Rouco Díaz
Manuel José Alonso López-Leitón
María Ares Fraga
María Ángeles Torres Sánchez
María Antonia Santos Sanz
María Carmen Arizmendi López
María Cruz Fernández Asensio
María Cruz Otero Paz
María del Carmen Besteiro Hermuda
María Dolores Lorente Pérez
María Elena Agüero
María Isabel Castro González
María José Martínez Girón
María Luisa Ron López
Meghan King
Mercedes del Riego Ares
Miguel Adán Oliver
Miguel Menacho Gago
Núria Neila Hernández
Orlando Sánchez Jardon
Pedro Ganzo Gómez
Pilar Francos Vázquez
Pilar Marful Carrillo
Pilar de Rivera Parga
Ramón Mecía Fernández
Raquel Yagüe de Álvaro
Rocío Otero González
Susana Fernández Otero
Teodoro Moreda Fernández
Teresa Paleo Cagao
Victor Manuel Sáenz López
Xavier Rodríguez Baixeras

Patronato

ENRIQUE RODRÍGUEZ BAIXERAS, presidente
JOSÉ ARNAU SIERRA, vicepresidente
JOSÉ MANUEL ROMERO MORENO, vicepresidente
JOSÉ FRANCISCO RIVAS CHAVARRÍA, vogal
MARÍA DE CIELO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, vogal
RAFAEL RODRÍGUEZ POSTIGO, vogal
ANTONIO RODRÍGUEZ BAIXERAS, vogal
LUÍS CÁMARA PALOMARES, vogal
JAVIER RODRÍGUEZ PÉREZ, vogal
ALBA RODRIGUEZ PEREZ, xerente (non patroa)
HUMBERTO TEIJEIRO, secretario (non patrón)

Equipo técnico

ALBA RODRÍGUEZ, dirección artística
PALOMA DÍAZ, coordinación
ANTONIO ROMERO, produción
MILENA POLITTI, produción
MARCOS BLANCO, comunicación (MBH Comunicación)
SAMUEL COSTA, redes sociais (MBH Comunicación)
JAIME FERNÁNDEZ, web e suscripcións

FUNDACIÓN
XESÚS
BAL Y GAY



MECENAS PRINCIPAL

B Sabadell Fundación

COA COLABORACIÓN DE



A MARIÑA



CONCELLO
de Foz



CONCELLO DE
MONDOÑEDO



CONCELLO DE
VIVEIRO



CONCELLO DE
CERVO



CONCELLO DE
LOURENZÁ



CONCELLO DE
ALFOZ



CONCELLO DE
BURELA



APÓIANNOS



Ferretería
FUENTE

Este Festival forma parte de:

fest clásica